

BANDO

NORMAS PARA AS CACHARELAS E SARDIÑADAS NA NOITE DE SAN XOAN

José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña), mediante o presente bando lémbrale aos veciños e veciñas de Ames as normas que se deberán cumprir para a realización de cacharelas na noite de San Xoán.

NORMAS BÁSICAS

1. As persoas, organizacións ou comunidades que desexen realizar unha cacharela presentarán a solicitude correspondente no rexistro deste concello, antes das **13.00 horas do día 21 de xuño** sinalando o lugar elixido, así como o nome, enderezo e teléfono dos responsables da organización ou comunidade, que deberán coidar os arredores.
2. As solicitudes para espazos públicos deberán ir acompañadas dun plano de situación de onde irá a cacharela, así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela, se coloquen no espazo autorizado.
3. O volume de combustible da cacharela non superará os oito (8) metros de perímetro nin os tres (3) de altura.
4. A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores será como mínimo de vinte (20) metros.
5. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
6. Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites,...e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
7. En ningún caso botaranse ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda cando estean baleiros.
8. No suposto que a cacharela se faga sobre terreos de uso público lousado, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
9. Ao rematar a cacharela e antes de abandonar o lugar, os responsables da organización coidarán que a pavimentación quede no mesmo estado no que se atopaba antes de iniciarse o lume.
10. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados, inmediatamente despois de rematada a cacharela e/ou sardiñada.

O cumprimento destas normas respecto as cacharelas será comprobado durante a noite do día 23 pola Policía Local e/ou os corpos e forzas de seguridade.

Esta Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños e veciñas para o bo desenvolvemento da festa da noite de San Xoán.

Ames, 6 de xuño de 2017

O Alcalde,

José M. Miñones Conde